Nº7
05/07/2017

Deputación DA CORUÑA

Boletín de Medio Ambiente

Praia de Doniños

Concello: Ferrol

Curiosidades: Praia de case 2km de lonxitude con ampla ondada, nela practícase habitualmente deportes como o surf ou windsurf. Preto da praia pódense visitar a lagoa de Doniños, o complexo dunar e o castro de Lobadiz.

Instalacións: Praia con bandeira azul, dispón de duchas, amplos aparcamentos e un piñeiral con varios merendeiros nos que se pode facer un picnic.

Noticias

As Illas de San Pedro serán espazo natural protexido

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio acaba de iniciar o último trámite para declarar de forma provisional as illas de San Pedro como Espazo Natural de Interese Local.

As illas de San Pedro, no Concello da Coruña, son de natureza granítica. Os baixos, as pedras afundidas, poden quedar ao descuberto cando se produce a baixamar, e forman parte dunha liña costeira duns oito quilómetros. Consta de especies vexetais de interese, además ten un gran interese pesqueiro, marisqueiro e consérvanse restos etnográficos.

Fonte: La Voz de Galicia

4 veces máis financiamento a combustible fósil que a renovables

Segundo un estudo realizado por numerosas ONGs, os países do G-20, que se reunirán en Hamburgo os días 7 e 8 de Xullo, ofrecen, de media, catro veces máis financiamento público para extraer combustibles fósiles que para enerxías renovables. Xapón por exemplo gasta 6 veces máis diñeiro público en petróleo, gas ou carbón que en enerxías verdes. Alemaña, con todo está preto de investir o mesmo en renovables que en fósiles. A outra cara da moeda póñena Arxentina e Rusia, que non invisten nada de diñeiro público en enerxía limpa.

Fonte: The Guardian

O oso grizzli deixa de estar en perigo

Tras 42 anos na lista de especies en perigo de extinción, os osos grizzli do Parque Natural de Yellowstone, nos estados americanos de Wyoming, Montana e Idaho, deixarán de pertencer a esta lista. Cunha poboación inferior a 150 exemplares cando se declararon en perigo, a poboación neste parque aumentou a máis de 700 especímenes. Pero non todo son boas novas, os osos que habitan nos 47 estados restantes do país americano continúan en perigo de extinción e continuarán na lista.

Asociacións conservacionistas e tribos nativo-americanas da zona, con todo, pretenden recorrer a medida, argumentando que o cambio climático está a degradar o seu hábitat e o seu futuro é incerto, ademais argumentan que esta medida probablemente abrirá un período de caza do animal.

Fonte: The New York Times

Golfiños ao rescate das vaquitas mariñas

A vaquita mariña é a especie en maior perigo de extinción actualmente, estímase que quedan menos de 40 especímenes no Golfo de California, o único lugar do mundo no que existen. O seu principal perigo é a pesca ilegal de totoaba, un peixe que tamén se atopa en perigo de extinción pero que se comercializa ilegalmente en China debido ás propiedades medicinais e afrodisíacas da súa vexiga. Para tentar evitar a extinción deste mamífero o goberno mexicano planea enviar a golfiños adestrados pola Mariña estadounidense para guiar ás vaquitas mariñas cara a un refuxio mariño e así poder salvalas.

Fonte: BBC

1 minuto = 1 millón de botellas de plástico

Cada minuto cómpranse ao redor do mundo 1 millón de botellas de plástico, preto de 20.000 cada segundo, e prevese que para 2021 esta cifra aumente un 20%. A maior parte destas botellas son fabricadas con tereftalato de polietileno, máis coñecido como Pet, un plástico altamente reciclable; pero segundo a súa demanda aumenta faise máis difícil a súa recollida e reciclaxe, polo que moitas terminan flotando nos océanos. Menos da metade das botellas vendidas en 2016 foron separadas para a súa reciclaxe, e desas só o 7% foron reconstruídas en novas botellas.

Fonte: The Guardian

O enxeñeiro "tolo" do deserto

Un mozo saharauí deseña unha vivenda con botellas de plástico para mellorar as condicións de vida en Tinduf. Os muros son de botellas recheas de area, cemento e unha mestura interior de terra e palla que serve de illante térmico. Son circulares para evitar que se formen dunas nas tormentas de area e reducir ata nun 90% o impacto dos raios solares. Ademáis é barata e ecolóxica. Cada vivenda necesita unhas 6.000 botellas e o traballo de catro acodes durante unha semana.

Fonte: El País

Sabías que...

O 10% do consumo de enerxía no mundo utilízase para internet? Os centros de datos e as granxas de servidores necesitan unha fonte de enerxía constante. Empresas como Google, Apple ou Facebook constrúen plantas enerxéticas xunto ás súas sedes para manterse abastecidos as 24 horas do día. Só estas empresas constitúen o 3% do consumo de enerxía no mundo.

Boas Prácticas

Árbores frutais para combater os incendios

Coa imaxe dunha pequena aldea portuguesa rodeada de carballos e castiñeiros que se salvou do incendio luso máis devastador, O Concello de Ames decidiu poñer en valor a estratexia que arrincou hai meses na aldea de Piñeiro. Este plan abarcan 37 leiras, e as árbores escollidas son castañas, nogueiras, avellanos e cerdeiras. Suman un total dun milleiro de exemplares distribuídos nunhas dúas hectáreas.

Fonte: El Correo Gallego

Tarragona intenta crear o parque natural das montañas de Prades

Trátase de converter este espazo de 30.726 hectáreas nunha única figura xurídica, o que aumentaría as garantías de protección ambiental e suporía calidade. Agruparía a 22 municipios pertencentes a cinco comarcas e dúas demarcacións diferentes, que compartirían unha regulación conxunta. Incluiría no seu interior a paraxe xa protexida de Poblet e converteríase no cuarto parque natural da provincia de Tarragona.

Fonte: La Vanguardia

Comics que ensinan a contaminación nas praias

Fonte: Ecooesfera

China constrúe a primeira 'Cidade Bosque' do mundo

A primeira 'Cidade Bosque' estará cuberta de vexetación con case 1 millón de plantas de máis de 100 especies distintas e 40.000 árbores que absorberán case 10.000 toneladas de dióxido de carbono e 57 toneladas de contaminantes e producirán 900 toneladas de osíxeno ao ano.

Axudará así a diminuír a temperatura media do aire e mellorará a súa calidade, creará barreiras naturais contra o ruído, xerará hábitats para todo tipo de especies e mellorará a biodiversidade. Ademáis, a cidade será autosuficiente funcionando con enerxías renovables.

Fonte: Muy Interesante

Axenda Ambiental

- **7/7/2017** - 15º Edición Premio Cidade Sostible.
- **7/7/2017** - 'A Rede Natura 2000 en Galicia: unha guía para concellos'
- **5/7/2017 - 7/7/2017** 8º Congreso Europeo sobre Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade na Arquitectura e Urbanismo e 1 Congreso de Construcción Avanzada. San Sebastián.